



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Lingua Española 1	Código	613G03001	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Gonzalez Garcia, Luis	Correo electrónico	luis.gonzalezg@udc.es	
Profesorado	Gonzalez Garcia, Luis Veleiro Perez, Ana Maria	Correo electrónico	luis.gonzalezg@udc.es ana.veleiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo descritivo e instrumental da lingua española. Elaboración e análise de textos orais e escritos de diferentes ámbitos.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer e aplicar as técnicas de composición de diferentes tipos de textos.	A2 A9 A11	B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C3 C7
Coñecer e aplicar os principais mecanismos de descrición e análise dos compoñentes gramaticais e léxico-semánticos do español.	A1 A3 A11 A14 A15	B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10	C4 C6 C7 C8
Producir textos orais e escritos dotados de cohesión e coherencia, e adecuados á situación comunicativa.	A5 A9 A10 A11	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B10	C1 C3 C4 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
I. ESTUDO DESCRITIVO DA LINGUA	1. O COMPOÑENTE MORFOLÓXICO 2. O LÉXICO DO ESPAÑOL 3. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (I). As clases de palabras e os grupos sintácticos 4. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (II). A oración simple 5. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (III). A oración composta 6. O TEXTO
II. ESTUDO INSTRUMENTAL. ELABORACIÓN DE TEXTOS	1. O PROCESO DE COMPOSICIÓN DE TEXTOS 2. ELABORACIÓN DE TEXTOS

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Sesión maxistral	A1 A3 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C4 C6 C7 C8	18	28	46
Lecturas	A1 A3 A9 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 C6 C8	3	18	21
Solución de problemas	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C6	16	30	46
Obradoiro	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A11 A14 A15 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C3 C8	7	14	21
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A3 A9 B1 B3 B7 B9 C6	2	0	2
Proba mixta	A1 A5 A9 A10 A15 B4 B5 B6 B10 C1 C6	2	10	12
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Impartiranse nas sesións comúns de carácter expositivo (grupo grande). O profesor presentará os temas e desenvolverá os apartados que se consideren de especial dificultade.
Lecturas	O alumno preparará, fóra de clase, lecturas que os profesores indiquen.
Solución de problemas	Exercicios prácticos, como pequenas probas, por exemplo, nos que se aplicarán os contidos do temario. Propónse unha metodoloxía activa, o que supón que o estudante implíquese na aprendizaxe e traballe con asiduidade.
Obradoiro	Desenvolverase un taller de composición de textos. O taller sustentárase basicamente no traballo persoal de cada alumno e no traballo grupal; sexa nun caso ou sexa no outro, a profesora tutelaré constantemente a aprendizaxe do estudante.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) que permiten profundizar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia.
Proba mixta	Realízase unha proba mixta en xaneiro e outra en xullo os días sinalados oficialmente pola facultade. Nesta proba avalíase a consecución das competencias adquiridas: o coñecemento dos mecanismos básicos de descrición do español, a asimilación das lecturas realizadas e a aplicación destes coñecementos á práctica (as actividades do exame serán semellantes ás realizadas en clase). Así mesmo, valorárase notablemente o rigor e a corrección no uso da lingua.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Lecturas Obradoiro Solución de problemas Proba mixta	<p>Fomentaranse as titorías para todas as metodoloxías que o requiran, como as actividades que precisen dunha fase de preparación e seguimento. Así mesmo, atenderase aos alumnos ao longo de todo o curso para resolver dúbidas da materia, tanto para a primeira edición de actas como para a segunda. Finalmente, analizaranse tamén individualizadamente os resultados das actividades, probas...</p> <p>As titorías poderanse levar a cabo persoalmente ou mediante correo electrónico. No primeiro caso, os alumnos acudirán ao despacho dos profesores no horario establecido que se fará público a principio de curso.</p> <p>A atención personalizada aos alumnos levarase a cabo tamén nas sesións de grupo reducido, nas que o profesorado poderá supervisar individualmente o desenvolvemento das actividades por parte dos estudantes.</p> <p>A posible atención a alumnos con necesidades especiais abordárase desde esta perspectiva de atención individual, ben en titorías, ben en clase. Si é preciso deseñaranse actividades especiais.</p>
---	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A11 A14 A15 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C3 C8	Valorarase a produción de textos dotados de coherencia e cohesión, adecuados á situación comunicativa e correctos.	10
Solución de problemas	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C6	Avaliación das actividades e pequenas probas que se susciten ao longo do curso. Avisarase con antelación cando se realizarán as pequenas probas.	40
Proba mixta	A1 A5 A9 A10 A15 B4 B5 B6 B10 C1 C6	Realizarase unha proba mixta en xaneiro e outra en xullo os días sinalados oficialmente pola facultade. Neste exame evaluaranse todos os temas incluídos no estudo descritivo da lingua (primeiro bloque do temario). Valorarase a consecución das competencias adquiridas: o coñecemento dos mecanismos básicos de descrición do español, a asimilación das lecturas realizadas e a aplicación destes coñecementos á práctica. As actividades do exame serán semellantes ás suscitadas en clase.	50

Observacións avaliación
<p>Para superar a asignatura, a cualificación mínima da proba mixta deberá ser de 4 puntos sobre 10.</p> <p>Cualificarase como non presentado quen non se presente ao exame final oficial, independentemente do número de actividades entregadas.</p> <p>Na segunda edición de actas (mes de xullo) poderanse recuperar todos os instrumentos de avaliación arriba descritos coas mesmas porcentaxes que na primeira edición, salvo que na segunda oportunidade, en casos concretos, se favoreza ao alumno reducindo o número de actividades para entregar. Só se cualificará como non presentado quen xa tivese esta cualificación na edición de actas de xaneiro e, ademais, non se presente ao exame oficial de xullo.</p> <p>Os traballos ou actividades entregaranse como se indique en cada caso, ben por correo electrónico desde a dirección que a UDC proporciona a cada estudante, ben en clase, en man. O estudante comprométese a gardar unha copia de cada traballo, en previsión de problemas na recepción. Deben entregarse no prazo fixado.</p> <p>Para aprobar a asignatura, as actividades, os textos e os exames deben cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal, etc.). Faltas de ortografía como uso incorrecto de acentos, puntuación, etc., descontarán 0,2 puntos; no caso das faltas graves, descontaranse 0,5 puntos.</p> <p>O plaxio (é dicir, a utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a fonte de procedencia), mesmo parcial, ou calquera outra falta de honradez académica, dará lugar á descalificación automática da actividade.</p> <p>En relación cos estudantes a tempo parcial con dispensa académica recoñecida, trataranse co profesorado en cada caso as actividades ou probas compensatorias que haberán de realizar.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Aguirre, Carmen (2013). Manual de Morfología. Barcelona: Castalia Aleza izquierdo, Milagros (coord.^a) (2011). Normas y usos correctos en el español actual. Valencia: Tirant lo Blanch Andión Herrero, M.^a Antonieta (2005). Modalidades textuales, en Gutiérrez Araus et al., 2005: 345-360. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces Briz, Antonio (coord.) (2006). Saber hablar. Madrid: Aguilar. Gómez Torrego, Leonardo (2010). Gramática didáctica del español. Madrid: SM Gutiérrez Araus, M.^a Luz et al. (2005). Introducción a la lengua española. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces Hernanz, M^a Lluïsa y J. M^a Brucart (1987). La Sintaxis. Barcelona: Crítica Lieber, Rochelle (2010). Introducing Morphology. New York: Cambridge University Press Montolío, Estrella (coord.^a) (2008). Manual de escritura académica. Barcelona: Ariel Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2005). Diccionario panhispánico de dudas. Madrid: Espasa Calpe. En línea en http://lema.rae.es/dpd/ Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2010). Nueva gramática de la lengua española. Manual. Madrid: Espasa Calpe Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2001). Diccionario de la lengua española. Madrid: Espasa Calpe. En línea en http://lema.rae.es/drae/ Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2012). Ortografía básica de la lengua española. Barcelona: Espasa Libros Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2011). Nueva gramática básica de la lengua española. Barcelona : Espasa Libros Rojo, Guillermo y T. Jiménez Juliá (1989). Fundamentos del análisis sintáctico funcional. Santiago: Universidad Sánchez Lobato, Jesús (coord.) (2006). Saber escribir. Madrid: Aguilar Serrano Serrano, Joaquín (2002). Guía práctica de redacción. Madrid: Anaya Varela Ortega, Soledad (2005). Morfología léxica: la formación de palabras. Madrid: Gredos Os alumnos deben estar atentos con asiduidade á plataforma Moodle da UDC, na que se depositará material necesario para o adecuado seguimento da materia: esquemas, exercicios, lecturas, etc.</p>
Bibliografía complementaria	Ao inicio de cada tema proporcionarase bibliografía específica.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para o aproveitamento óptimo dos recursos docentes proporcionados recoméndase a asistencia a todas as clases, tanto ás sesións expositivas nas que se explican os contidos principais da materia, como ás clases interactivas nas que se traballa na aplicación dos contidos teóricos, e tamén ás clases de grupos reducidos nas que, mediante obradoiros, se practicarán a composición de textos, aspecto moi importante na materia e no proceso formativo dos alumnos.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías